



Lalínkm0ero

Alcaldía



Concello de Lalín

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN CULTURAL ASOCIACIÓN CULTURAL QUILOMETRO CERO -VIRXE DAS DORES DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE LALÍN 2019

Lalín, a 20 de SETEMBRO de 2019.

REUNIDOS:

Por unha banda, o Concello de Lalín, actuando no seu nome e representación D. José Crespo Iglesias, ao abeiro das competencias que ten para vincularse neste acto.

Pola outra, D. José Luis Fernández Romero, en calidade de Presidente da ASOCIACIÓN CULTURAL QUILOMETRO CERO-VIRXE DAS DORES DE LALÍN, con CIF G94192614, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto, ten conferidas.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: Que os vindeiros días 20, 21, 22, 23, e 24 de setembro vaise levar a cabo a celebración das Festas Patronais de Lalín.

SEGUNDO: Que o Concello de Lalín, ó abeiro das competencias que lle outorga a normativa vixente, e atendendo ao interese da actividade que é obxecto do presente convenio, dotou no Orzamento municipal para o exercicio en curso a aplicación orzamentaria 0.338.480 cunha subvención nominativa para a celebración das Festas Patronais de Lalín.

A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: O obxecto do presente Convenio é regula-las bases de colaboración entre o Concello de Lalín e a ASOCIACIÓN CULTURAL QUILOMETRO CERO-VIRXE DAS DORES DE LALÍN para a celebración das Festas Patronais de Lalín 2019.

SEGUNDA: As obrigacións xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións están establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de

Galicia e recollidas nas Bases 27 e 28 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017 prorrogado no ano 2019.

TERCEIRA: En virtude deste Convenio, a **ASOCIACIÓN CULTURAL QUILOMETRO CERO-VIRXE DAS DORES DE LALÍN** comprométese :

- Á organización e ó desenvolvemento das Festas Patronais nas datas sinaladas.
- Indicar en toda a documentación, anuncios, folletos e publicidade nos medios de comunicación que se vaian utilizar que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.
- Empregar a totalidade da subvención na celebración das Festas de Lalín.
- A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Lalín, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente convenio.

CUARTA: o Concello de Lalín comprométese a:

- Autoriza-lo uso de rúas e instalacións municipais que sexan necesarias nas datas e horas precisas para a organización e celebración das Festas Patronais
- Poñer a disposición da organización das festas os servizos de Protección Civil e Policía Local, segundo as dispoñibilidades do Concello.

QUINTA:

Para a execución do presente convenio o Concello de Lalín aporta a cantidade de **65.000 €** de conformidade co seguinte orzamento de gastos, sendo , neste convenio, posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade sempre que non se produza unha sobrefinanciación dos gastos da Asociación para esa finalidade. Nise caso deberase reintegrar o exceso ó Concello.

CONCEPTO	IMPORTE
Actuacións musicais	74.872,00€
- Orquestras	47.452,00€
- Bandas de música	10.000,00€
- Charangas y grupos	17.420,00€
Fogos de artificio	10.387,00€
Alumeado das festas	10.847,00€
SGAE	4.000,00€
OTROS (Seguro Responsabilidade Civil)	900,00
TOTAL	101.006,65€

Os gastos poderán estar suxeitos a variacións no importe entre os distintos conceptos, é dicir,

permítense flexibilidades nos mesmos sen que globalmente poida disminuir o gasto para ter dereito ó total da subvención.

A totalidade do importe subvencionado polo Concello de Lalín poderá librarse unha vez aprobado e asinado o presente Convenio, logo da presentación de solicitude do beneficiario , por falta de liquidez para facer fronte ós gastos . Esta circunstancia deberá xustificarse previamente. Coa firma do actual convenio entenderase autorizado o Concello para obter as certificacións acreditativas de que a Asociación se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. No caso, de que o Concello non puidera obter isas certificacións , se requirirán do beneficiario da subvención.

Deberán presentar tamén declaración responsable asinada polo Secretario da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario da subvención e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.

Acompañarán tamén certificación bancaria do número de conta a nome da asociación,

SEXTA:

Logo da realización da Festas Patronais, a Asociación deberá presenta-la seguinte documentación, no prazo máximo de dous meses dende o día seguinte á finalización das Festas Patronais do ano 2019 :

- Unha memoria da totalidade da actividade realizada :
 - Esa memoria conterá unha relación das actividades feitas e unha relación clasificada dos gastos por cada actividade feita, con identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, a data de emisión da factura, e a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS).
 - Orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades subvencionadas.
- Facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable , ó menos,, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).
 - Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes

orixinais un selo coa seguinte lenda: *“En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de celebración das festas patronais de Lalín do ano 2018”*.

- Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.
- A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.
- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- Reflexará os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Reflexará os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Incluirá unha descripción detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflexarse o IVA correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que esté en vigor no país de emisión da factura. Cando a cuota se repercuta dentro do prezo deberá indicarse “IVE incluído”.
- Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria ou cheque, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia ou pago por cheque. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do proveedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e ademais, no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón(salvo no caso de cheque bancario) . No caso de pagos en metálico, corresponde ó Concello comprobar a xustificación dise medio de pago que farase constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non xustificarse ise pago en metálico, se entenderá non xustificado isa cuantía do gasto.
- No caso de que se teñan realizado pagos que conleven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de

Alcaldía

calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.
- No caso de que a subvención se destine a financiar unha obra de máis de 40.000,00 € sen IVE ou unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 € sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos si para o gasto, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou suministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.
- Certificación de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no caso de que non puidera obter eses certificados o Concello e o prazo de validez dos xa presentados xa rematara, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da lei 38/2003 de 17 de novembro.
- Declaración xurada expedida polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.

gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe a que ascende o orzamento de gastos recollido na cláusula quinta. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

SÉTIMA: Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38 / 2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

A ASOCIACIÓN CULTURAL QUILOMETROCERO-VIRXE DAS DORES DE LALÍN quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos non previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu regulamento e na **Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

OITAVA : As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso administrativa.

NOVENA : O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

O período de vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Lido polas partes e coma proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLO CONCELLO DE LALÍN



POLA ASOC. ASOCIACIÓN CULTURAL

D. Jose Crespo Iglesias

D. Jose Luis Fernández Romero